

# **FORMACIÓN NA ESCALA ADBB PARA A REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ**

**(Alarme Détresse Bébé)  
(Guedeney, 2001-2012)**



## **“Detección precoz de indicadores de alarma na Primeira Infancia”**

**15 -16 e 22 - 23 de outubro de 2021**

Formación organizada e coordinada pola **Asociación para a Saúde Mental Infantil ASMI WAIMH-España** coa colaboración da **Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)**

### **CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PARTICIPANTES**

**Nº DE PRAZAS = 20**

Formación gratuíta previa selección, baremación e distribución das prazas.

Prégase non concorrer se non se compren os requisitos mínimos.

#### **REQUISITOS MÍNIMOS PARA OPTAR Á SELECCIÓN .**

- Para optar á selección os candidatos deben
  1. Estar en posesión dunha titulación de grao exigible para traballar en Atención Temperá: psicólogas, logopedas, pedagogas, mestras, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, médicos, educadores sociais....
  2. Estar traballando na actualidade na Rede Galega de Atención Temperá (RGAT)

3. Contar cunha experiencia mínima de:
- 2 anos traballados na Rede Galega de Atención Temperá (RGAT)

**OU**

- **1 ano** traballado na RGAT e **FORMACIÓN POSGRAO EN** atención temperá e/ou Apoio familiar (300 horas)

#### **BAREMO DE PUNTUACIÓN DOS CANDIDATOS ADMITIDOS**

- Por cada mes de experiencia na RGAT = 1 punto
- Por cada titulación de posgrao en desenvolvemento infantil-atención temperá-apoio familiar superior a 300 horas= 10 puntos
- Por cada unha doutras titulacións de posgrao ou curso de especialización superior a 300 h. no ámbito da infancia = 5 puntos

#### **APLICACIÓN DO CRITERIO DE DISTRIBUCIÓN**

Realizada a baremación, elaborárase unha primeira listaxe das/os candidatas/os admitidas/os por orde de puntuación e, seguindo a antedita orde, a continuación elaborárase unha segunda listaxe mediante a selección de 1 candidata/o por cada unidade/servizo co fin de que na listaxe final estean representados o maior número posible de servizos da RGAT.

Se quedaran prazas vacantes, estas distribuiranse seguindo o mesmo criterio entre as/os candidatas/os restantes ata ocupar o total de prazas ofertadas. Facilitando novamente o acceso ao maior nº de servizos.

## **PRAZOS**

1. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA – 1 DE XUÑO DE 2020 – WEB DA AGAT
2. PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES – 1 A 15 XUÑO DE 2020
  - Formulario de solicitude
3. BAREMACIÓN E PRIMEIRA LISTAXE DE ADMITIDOS – 22 DE XUÑO
4. PRESENTACIÓN RECLAMACIÓN – 25 DE XUÑO
  - Formulario de reclamación
5. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN – 27 DE XUÑO
6. SEGUNDA LISTAXE DE ADMITIDOS – 30 DE XUÑO

A comprobación de requisitos, baremación, listaxes e resolucións será realizada pola comisión de formación da AGAT.